

<http://galego.farodevigo.es/comarcas/2013/04/10/gobierno-redondelano-niega-incumpla-ley-convocatorias-comisiones/788218.html>

Con relación a esta nova, non imos facer ningún comentario, xa os fixo o grupo popular cando estaba na oposición. Carallo como cambiou o conto!

*SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
24 - MARZO - 2010*

#### *ROGOS E PREGUNTAS*

*- O concelleiro D. JOSÉ ALBERTO PAZOS COUÑAGO do Grupo Municipal do Partido Popular, formula as seguintes preguntas:*

*2).- Os membros da corporación, acordaron a principio de mandato, que as sesións das comisións informativas se celebrarían o martes da semana anterior á celebración do pleno. Tal acordo tiña por finalidade posibilitar a asistencia de todos os concelleiros ás comisións informativas, puidendo deste xeito planificar debidamente as súas obrigas profesionais e personais, compatibilizándoas co desempeño da súa función política.*

*Non obstante, tales acordos non foron respetados. O actual bigoberno municipal, deu sobradas mostras da súa vontade de entorpecer as funcións da oposición, adoptando medidas como a limitación de rogos e preguntas en sesións plenarias, ou a negativa a modificar o regulamento de participación cidadán de xeito que permita unha participación efectiva e real dos veciños nos asuntos municipais, ou a convocatoria de Plenos de xeito intempestivo, chegando nalgún caso a notificalos con horas de antelación, ou a intolerable parcialidad nadirección dos plenos.*

*Hoxe traemos aquí unha nova mostra da intención do bigoberno de dificultar de xeito permanente e consciente o desempeño das labouras da oposición. Solicitamos aos servicios municipais que se nos facilitasen as datas de celebración de todas as comisións informativas celebradas neste mandato. Comprobado cantas delas foron celebradas na data acordada en sesión plenaria o resultado só pode ser calificado de asombroso. Dende a data de constitución da actual corporación se celebraron 90 comisións informativas. Na data acordada só se celebraron 3 sesións, resultando que o Goberno incumpriu o acordo tomado en 87 ocasións.*

*O Grupo Municipal do Partido Popular considera que todo o anteriormente exposto supón unha intolerable falta de respecto á oposición, e aos cidadáns que esta representa, e por isto formulamos a seguinte PREGUNTA:*

*¿Ten o Goberno Municipal algunha explicación coherente das razóns que xustifiquen este comportamento?.*